

ANÁLISE DOS FACTORES QUE PODEN INFLUÍR NOS NIVEIS DE TSH NO PERÍODO NEONATAL.

CT2006/03

DOCUMENTOS

RELACIONADOS

Texto completo

Introdución: o hipotiroidismo é a enfermidade endocrinolóxica máis frecuente en pediatría e a primeira causa de atraso mental prevenible. A baixa porcentaxe de nenos que presentan sintomatoloxía clínica no período neonatal obriga á súa detección sistemática, xeralmente a través da determinación de TSH en mostra de sangue impregnado en papel, entre o segundo e terceiro día de vida.

Obxectivos: o obxectivo principal deste traballo é determinar os factores que poden influír nos niveis de TSH no período neonatal, ben sexa modificando os resultados do programa de cribado neonatal do hipotiroidismo conxénito ou con independencia da súa repercusión no mesmo.

Métodos: realizouse unha revisión da literatura científica desde xaneiro de 1990 ata marzo de 2005 nas seguintes bases de datos: Medline, Embase, HTA (Health Technology Assessment), DARE (Database of Abstracts of Reviews of Effectiveness), NHS EED (Economic Evaluation Database do National Health Service), colaboración COCHRANE, NIH, NCI, MEDICAL RESEARCH COUNCIL, IME (Índice Médico Español), Web of Science, Biomed Central, Lilacs (Literatura Latinoamericana en Ciencias da Saúde), IBECS e FECYT. Revisáronse así mesmo páxinas específicas de guías de práctica clínica e de catálogos de libros. A estratexia de busca utilizada incluía, entre outros, os termos hypothyroidism, cretinism, e myxedema. Aos artigos resultantes da busca bibliográfica aplicóuselles, de forma independente por dúas revisoras, unha serie de criterios de selección. A extracción e análise de datos, a síntese dos estudos e a valoración da calidade dos mesmos levaron a cabo tamén por, polo menos, dúas revisoras de forma independente.

Resultados: do resultado da busca bibliográfica seleccionáronse 55 artigos que cumprían os criterios de selección prefixados. Nove deles analizan os efectos dos factores sobre os resultados do programa de cribado. A maior parte dos estudos avalían o efecto dos antisépticos yodados sobre a función tiroidea do receén nacido e poñen de manifesto que a súa utilización leva unha sobrecarga de iodo co consecuente risco dun hipotiroidismo transitorio nunha idade crítica para o desenvolvemento psicomotor do neno. Outros factores analizados foron o tratamento á nai con amiodarona, a enfermidades maternas, o preclorato na auga de bebida, a realización dun bypass cardiopulmonar no recentemente nado, etc.

Discusión: tan só localizáronse tres ensaios clínicos aleatorizados e controlados que analizan a repercusión da povidona yodada fronte a outros antisépticos sobre os niveis de TSH. A influencia dos outros factores foi analizada a través de estudos de tipo observacional, situados por tanto nos niveis inferiores nas gradacións da calidade da evidencia científica. Con todo, é importante ter en conta que para a análise de certos factores o deseño observacional é o único factible.

Conclusións: o único factor que demostrou un efecto sobre os resultados da proba de cribado é a utilización de antisépticos yodados no período perinatal. A exposición a antisépticos yodados é unha causa frecuente de hipertirotrópinemia transitoria e hipotiroidismo transitorio. A severidade da disfunción tiroidea é maior naqueles nenos cunha menor idade gestacional e/ou baixo peso ao nacer. Nos artigos incluídos nesta revisión sistemática, os factores que demostraron un efecto sobre os niveis de TSH e/ou hormonas

tiroideas pero non sobre a proba de cribado son a amiodarona, o bypass cardiopulmonar, a síndrome de Down e algunhas enfermidades maternas. Existen discrepancias sobre o impacto que a zona xeográfica de análise, en canto á achegua de iodo, poida ter sobre a influencia destes factores.

Recomendacións: recoméndase evitar o uso de antisépticos yodados no período perinatal para previr a aparición de hipotiroidismo transitorio no recentemente nado. No caso de que a exposición ao iodo sexa inevitable (por exemplo utilización de contrastes yodados), recoméndase a monitoraxe da función tiroidea do recentemente nacido tras a mesma. En nenos expostos a dopamina e en caso de utilización de amiodarona durante o período xestacional e a lactación recoméndase tamén a monitoraxe da función tiroidea.